

â Dereitizaci3nâ centroamericana

Description

Consideradas como un referendo para o presidente Mauricio Funes, da gobernante Fronte Farabundo Mart3 para a Liberaci3n Nacional (FMLN), as elecci3ns lexislativas e municipais salvadore3as celebradas o pasado 11 de marzo confirmaron o avance da dereita en Centroam3rica que, no caso salvadore3o, recae en mans da Alianza Republicana Nacionalista (ARENA) e da Gran Alianza de Unidade Nacional (GANU), ambos partidos que comandar3n a partir de agora o poder lexislativo.

A incuestionable vitoria electoral de ARENA, conservando igualmente a estrat3ica alcald3a da capital San Salvador, afronta un escenario clave de cara 3s elecci3ns presidenciais previstas para marzo de 2014, con claras perspectivas de derrotar 3 esquerda liderada polo FMLN. Con isto, os comicios lexislativos salvadore3os confirman o avance electoral dos partidos de dereita en Am3rica Central, actualmente gobernantes en Panam3, Honduras e Guatemala, nunha rex3n seriamente afectada polos elevados 3ndices de criminalidade, pobreza e desigualdades socioecon3micas.

Tras Honduras, O Salvador 3 o segundo pa3s a nivel centroamericano con maiores 3ndices de criminalidade, con 70 asasinatos por mil habitantes, un aspecto habilmente manexado pola dereita salvadore3a con fins claramente electorais. Ao mesmo tempo, compre considerar unha inusitada campa3a electoral do ARENA atizando o presunto 3ntasma do comunismo3 identificado na xesti3n pol3tica do FMLN. Precisamente, a Comisi3n Pol3tica do FMLN denunciou recentemente un presunto plan de desestabilizaci3n denominado Plan Halc3n, a fin de crear confusi3n e acci3ns violentas previo aos comicios lexislativos.

Ao fronte do Congreso salvadore3o, o ARENA liderado polo ex presidente Alfredo Cristiani (1989-1994), un dos principais membros da oligarqu3a cafeteira e empresarial salvadore3a ligada aos grupos paramilitares de extrema dereita que asolaron no pa3s durante a guerra civil da d3cada de 1980, apunta claramente a retornar ao poder en 2014, complicando as3 a viabilidade dos programas sociais do presidente Funes e do FMLN en materia de educaci3n e sa3de p3blica. Como no caso guatemalteco nas elecci3ns presidenciais de 2011, o ARENA establecer3 como prioridades o combate 3 criminalidade e a aplicaci3n dun modelo econ3mico neoliberal, con claras perspectivas de achegamento cara a influencia de Washington.

Por tanto, a 3dereitizaci3nâ centroamericana planear3 como posible referencia nun 2012 estratexicamente clave en materia electoral para Am3rica Latina. Esta perspectiva semella encami3ada a abrir un novo ciclo pol3tico, freando as3 a orientaci3n progresista e de esquerdas experimentada pola rex3n na derradeira d3cada. Expectativas dun retorno conservador na pol3tica latinoamericana e que ser3n clave de cara a outros comicios presidenciais que se levar3n a cabo nos pr3ximos meses, principalmente en Rep3blica Dominicana, M3xico e Venezuela.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoam3rica

IDIOMA

Galego

Date Created

Marzo 12, 2012

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2012-03-13 00:00:00